



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E CINCO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000028

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta e trinta minutos do día vinte e cinco de agosto de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asistiu, xustificando a ausencia dona Jessica Sabín Fernández. A xuntanza ten por obxecto celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe, tras convocatoria efectuada regulamentariamente. Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celébrase a sesión co debate e votación dos asuntos seguintes:

ORDE DO DIA  
PARTE RESOLUTIVA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 11.08.222 (ORDINARIA).-**

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local ( en votación ordinaria e votos favorables dos asisentes á sesión do 11.08.22).

### **2º.-DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA (AVAL BANCARIO), RELATIVA Á OBRA: DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN LOIRA E VILABOA; INSTADA POLA EMPRESA MT 2001, S.L.-**

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva da Obra DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN LOIRA E VILABOA con código 2019.2001.0605.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos), anualidade 2019 para o financiamento de obras da Excma. Deputación de A Coruña.

Visto o Informe favorable emitido pola Tesourería municipal referido a devolución do aval bancario depositado polo contratista MT 2001 S.L. con C.I.F. núm. B15600836 en garantía da obra DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN LOIRA E VILABOA con código 2019.2001.0605.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/ 2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello), anualidade 2019 para o financiamento de obras da Excma. Deputación de A Coruña.

Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

Tendo en consideración os apartados 37 e 38 do Prego-Tipo de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos planes provinciais e outras obras provinciais, aplicable a obra DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN LOIRA E VILABOA con código 2019.2001.0605.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello), anualidade 2019.

Comprobada que a obriga garantida cumpre a satisfacción do Concello de Valdoviño, de tal maneira que non existe responsabilidades que se poidan esixir contra o contratista MT 2001 S.L. con C.I.F. núm. B15600836 en garantía da obra DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN LOIRA E VILABOA.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

### **PROPONSE**

Devolver o aval bancario núm. 320220000275 por importe de TRES MIL CINCO CENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON SETE CÉNTIMOS (3.542,07 €) en garantía da obra DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN LOIRA E VILABOA con código 2019.2001.0605.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/ 2019 do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concello), anualidade 2019 para o financiamento de obras da Excma. Deputación de A Coruña.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández”.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, (4 membros dos 5 que compoñen a Xunta) prestou aprobación á anterior proposta de Alcaldía.**

### **FÓRA DA ORDE DO DIA**

O sr alcalde presenta por via de urxenza os dous asuntos que de seguido se especifican, da área de servizos sociais (medidas de apoio a familias para adquirir material para estudio e transporte no 2022); que se ben non estaban preparados para a data da convocatoria, están feitas para esta data da sesión as respectivas propostas, motivando a urxenza na intención de non retardar os pagamentos ás familias solicitantes, así como en abrir canto antes un novo prazo de solicitude para dar cumprimento ao acordo adoptado pola comisión avaliadora para beneficiar ao maior número posible de familias interesadas.

A Xunta de Goberno Local, ratifica a urxenza por común acordo dos asistentes á sesión e por ende, inclúense ditos asuntos FÓRA DA ORDE DO DÍA da sesión:

**.- PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO A FAMILIAS E MENORES 2022**

Vista a proposta de informe de valoración das “Axudas para as medidas de apoio ás familias e menores 2022” do persoal técnico de Servizos Sociais, emitido polo Departamento de Servizos Sociais e vista a acta da comisión avaliadora, o órgano Colexiado que se establece no artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 4 das bases reguladoras (anuncio no BOP Nº 129 de 8 de xullo de 2022), conformado por:

- Ana Belén Pérez Fernández (Concelleira Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Alberto González (Alcaldía- Presidente)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)

e que se transcribe a continuación

**“ACTA DA COMISIÓN AVALIADORA NO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES 2022.**

Reunida a Comisión avaliadora en relación ao procedemento de CONCESIÓN DE AXUDAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES o día 23/08/2022 ás 10:30 horas comunicase que se presenta o informe cunha variación respecto ao presentado no nomeamento dos membros da Comisión avaliadora, e procédese a avaliar o informe presentado polo órgano instrutor do procedemento, e que se transcribe a continuación:

**“INFORME- PROPOSTA PROVISIONAL DAS SOLICITUDES DE MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES 2022.**

*Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ás bases que regulan a concesión de axudas de medidas de apoio ás familias e menores (anuncio no BOP Nº 129 de 8 de xullo de 2022) e en relación ás solicitudes presentadas no prazo estipulado no rexistro do Concello*

**INFORMO:**

1. *Que foron valoradas as 66 solicitudes presentadas na forma e prazo establecidos.*
2. *Que ademais, dúas solicitudes presentáronse fóra da forma e prazo pero desde o departamento enténdese que existe motivación para aceptalas polo que a continuación se expón. Nun dos casos, as circunstancias actuais recollen a morte recente dun dos coidadores principais dunha nena en acollemento familiar, impedindo á coidadora que queda a cargo o poder traballar, debido á súa situación emocional. Estas circunstancias non se ven reflexadas nos documentos que tería que entregar, se ben o persoal técnico do Departamento coñece a situación, polo que se ve procedente adxudicar a dita axuda de cara ao inicio do curso escolar.*

*Noutro dos casos, a necesidade ven dunha familia de orixe ucraíno, que nun primeiro momento parecían ter cobertura total coas axudas específicas para refuxiadas de guerra, mais concluíuse que ambas axudas non son incompatibles e non perciben ningunha diferente ao resto das familias polo concepto da presente axuda.*

2. *Que naqueles casos nos que se precisou xustificar ou aclarar a documentación presentada, fíxose un requirimento telefónico e posteriormente presentaron a información no Departamento de Servizos Sociais (vía presencial ou por correo electrónico) para adxuntar ás solicitudes e poder valorar correctamente.*







- 1) Valórase axeitada a aprobación das solicitudes presentadas, e maniféstase disconformidade coas dúas recollidas como circunstancias especiais. A Comisión valora que non é procedente aceptalas en igualdade de condicións ao non cumprir co requisito fundamental de forma e prazo, tal e como consta nas bases, decidindo a súa exclusión. As ditas solicitudes son as correspondentes a [REDACTED]

O importe final, restando os dous casos excluídos, para un total de 101 menores, é de 9325 euros.

- 2) Considerando que aínda queda unha parte do crédito retido (675 euros), propónse abrir un novo prazo de solicitude de cinco días hábiles de acordo coas bases publicadas no BOP Nº 129 de 8 de xullo de 2022 e dar publicidade segundo consta nas mesmas.

Con cinco votos a favor e cero en contra, apróbase o informe coas consideracións recollidas anteriormente, coa aprobación do gasto por un importe total de 9325 euros:

- Ana Belén Pérez (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Carlota González (Secretaría)
- Alberto González (Alcalde- Presidente)

Valdoviño, 24 de agosto de 2022

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

### **PROPOÑO:**

á Xunta de Goberno Local a aprobación da proposta de concesións das axudas para as medidas de apoio ás familias e menores do ano 2022, atendendo aos acordos da Comisión avaliadora, por un valor total de 9325 euros e proceder posteriormente á comunicación das ditas concesións.

Valdoviño, 24 de agosto de 2022

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, (4 membros dos 5 que compoñen a Xunta) prestou aprobación á anterior proposta de Alcaldía.**

### **.- PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DUN NOVO PRAZO DE SOLICITUDES EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DE APOIO A FAMILIAS E PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE 2022**

Vista a proposta de informe de valoración das “Axudas para as medidas de apoio ás familias e menores 2022” do persoal técnico de Servizos Sociais, emitido polo Departamento de Servizos Sociais

e vista a acta da comisión avaliadora, o órgano colexiado que se establece no artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 4 das bases reguladoras (anuncio no BOP N° 129 de 8 de xullo de 2022), conformado por:

- Ana Belén Pérez Fernández (Concelleira Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Alberto González (Alcaldía- Presidente)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)

e que se transcribe a continuación

**“INFORME SOBRE O NOVO PRAZO DE SOLICITUDE EN RELACIÓN ÁS BASES REGULADORAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2022.**

*Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ás Medidas de apoio ás familias destinadas á adquisición de material para o estudo e transporte do ano 2022*

**INFORMO:**

- 1. Que o día 7 de agosto rematou o prazo de solicitudes, e unha vez valoradas as solicitudes e realizados os requirimento para subsanar algunha documentación, reúnese a Comisión avaliadora para aprobar a proposta de concesión do órgano instrutor, en data 23/08/2022.*
- 2. Que ante a situación de necesidades existentes nalgunhas familias polo concepto da convocatoria, fóra do prazo xa rematado, e observando que existe un crédito restante de 675 euros respecto á cantidade retida, propónse a apertura dun novo prazo de solicitude para que poidan optar estas e outras familias que cumpran cos requisitos establecidos.*
- 3. Que o novo prazo de solicitudes tomará como referencia as bases xa publicadas no BOP N° 129 de 8 de xullo de 2022.*
- 4. Que o prazo de solicitude iniciárase desde o día seguinte á publicación no BOP e terá unha duración de cinco días hábiles.*

*En Valdoviño, a 23 de agosto de 2022*

*Iria García Martínez*

*Educadora Social “*

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

**PROPOÑO:**

á Xunta de Goberno Local a aprobación da proposta dun novo prazo de solicitudes de cinco días conforme o informe técnico presentado, polo crédito restante (675 euros).

Valdoviño, 25 de agosto de 2022

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, (4 membros dos 5 que compoñen a Xunta) prestou aprobación á anterior proposta de Alcaldía.**

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**



Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*